

TEMA	APARTADO	PÁXINA	NÚMERO

ALUMNO/A (Nome e curso)	DATA
COMPAÑEIRO ASIGNADO PARA A REVISIÓN:	

1.- COMPRENDER A SITUACIÓN. (Lee o “problema” tantas veces como sexa necesario ata asegurarte de que o entendiches ben.

Nunca des por entendida unha palabra da que non coñezas a fondo o seu significado. Usa o diccionario). Suxerencias:

- ☐ Describe cualitativamente o exercicio, cuestión ou problema (incluíndo gráficos, se o consideras necesario).
- ☐ Determina cal é o obxectivo a conseguir.
- ☐ Recolle por separado os datos que se proporcionan e os resultados que se piden.

¿De que se trata? ¿Qué datos nos dan? ¿Qué se busca? ¿Os datos determinan a incógnita?, ou ben, ¿son suficientes, ou tal vez superabundantes? ¿Podería propoñerse a cuestión de outra maneira? ¿Podo poñelo en relación con outro que xa coñezo, cunha solución máis simple ou tal vez inmediata?

Estas cuestións deben repetirse cada vez que se trate da resolución dun problema intermedio. Ademáis: ¿Tiven en conta todos os datos?

Familiarízate co problema:

- Trata de entender a fondo a situación.
- Con tranquilidade, ó teu ritmo.
- Xoga coa situación, trata de enmarcala, intenta determinar o “aire” do problema, pérdelle o medo,...

2.- PLANIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN. (Descrición do procedemento a seguir). Suxerencias:

- ☐ Usa os coñecementos necesarios para interpretar a situación que se propón.
- ☐ Selecciona os principios ou leis que están relacionados co tema do que trata o “problema”.
- ☐ Ten en conta que condicións se precisan para aplicar cada un dos principios ou leis.
- ☐ Selecciona, entre todos os relacionados co tema, o principio ou lei que permite resolver o “problema”.
- ☐ Determina que accións se levarán a cabo para aplicar o principio ou lei.

Atopar un camiño que vaia do descoñecido ós datos, pasando, se fose preciso, por moitos problemas intermedios (ANÁLISE).

Formular a ou as relacións entre as incógnitas e os datos.

Transformar os elementos descoñecidos. Procurarase introducir novas incógnitas máis relacionadas cos datos.

Transformar os elementos dados. Tratarase, ó operar así, de deducir elementos máis relacionados coas incógnitas.

Resolver só unha parte do problema.

Cumplir só unha parte das condicións: ¿qué liberdade de variación se introduso ó abandonar a outra parte?

Xeneralizar, especializar, proceder por analogía.

Búsqueda de estratexias:

- Empeza polo fácil.
- Experimenta.
- Fai un esquema, unha figura, un diagrama,...
- Escolle unha linguaxe axeitada, unha notación apropiada.
- Busca un problema semellante.
- Inducción.
- Supoñamos o problema resolto.
- Supoñamos que non.

3.- LEVAR A CABO O PROCESO DE RESOLUCIÓN. Suxerencias: ☐ Representa o “problema” nunha táboa, gráfico ou debuxo. ☐ Busca as “fórmulas” que representan a lei ou principio a aplicar tendo en conta as condicións do “problema”. ☐ Busca os datos do problema que representan o valor das variables presentes nas “fórmulas”. Se algún dos datos non está presente no enunciado ou as súas unidades non son as axeitadas, fai as operacións necesarias. ☐ Resolve o “problema”. Examinar cada punto e non admitir –con Descartes– máis que “o que se pode ver con evidencia e deducir con certidume” Leva adiante a túa estratexia: → Selecciona e leva adiante as mellores ideas que se che ocorreren na fase anterior. → Actúa con flexibilidade. Non te arrugues facilmente. Non te empeñes nunha soa idea. Se as cousas se complican demasidado, probablemente hai outra vía. → ¿Saíu? ¿Seguro? Mira a fondo a solución.	
4.- ANÁLISE E COMPROBACIÓN DA SOLUCIÓN. Suxerencias: ☐ Analiza e comproba os resultados e verifica que son coherentes co previsto. Volta a ler o problema e comproba se a túa solución é válida. Podes cambiar o enunciado para ver se os datos que che daban ó principio son coherentes co resultado ó que chegas. Escribir unha resposta non é suficiente; a túa resposta debe contestar, de xeito concreto e coas unidades pertinentes, á pregunta que se facía. ☐ Propón algún outro procedemento alternativo para obter a solución. ☐ Indica que outras cuestións se poderían engadir ás que se propoñen; ou sinala outros problemas semellantes ó proposto. ¿É plausible a solución? ¿Por qué o é? ¿Podería facerse unha comprobación? ¿Hai outro camiño que conduza ó mesmo resultado? ¿Existe un máis directo? ¿Qué outroas resultados poderían obterse seguindo o mesmo camiño? Revisa o proceso e saca consecuencias del: → Examina a fondo o camiño que seguiches. ¿Cómo chegaches á solución? Ou ben, ¿por que non chegaches? Trata de entender non só que a cousa funciona, senon por que funciona. → Mira se atopas un camiño máis simple. → Mira ata onde chega o método. → Reflexiona sobre o teu propio proceso de pensamento e saca consecuencias para o futuro.	
Tempo empregado no traballo co exercicio • <u>Resolución:</u> • <u>Redacción:</u>	DATA LÍMITE DE ENTREGA: